

# ORLANDO





VIRGINIA WOOLF

# Orlando

*Una biografía*

*Traducción de Celia Recarey Rendo*



Irmás Cartoné, 2014  
Tradución: Celia Recarey Rendo  
Deseño de cuberta: Irmás Cartoné  
Impresión: Sacauntos Cooperativa Gráfica

ISBN: 978-84-942570-01  
Dep. Legal: C 550-2014



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa da autora, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

*A V. Sackville-West*



## PREFACIO

Foron moitos os amigos que me axudaron a escribir este libro. Algúns están mortos e son tan ilustres que apenas me atrevo a nomealos, mais ninguén pode ler nin escribir sen estar en perpetua débeda con Defoe, sir Thomas Browne, Sterne, sir Walter Scott, lord Macaulay, Emily Brontë, De Quincey e Walter Pater, por mencionar os primeiros que me veñen á cabeza. Outros están vivos e, aínda que quizais igual de ilustres ao seu xeito, son, por esa mesma razón, menos formidables. Teño unha débeda especial co señor C. P. Sanger, sen cuxo coñecemento das leis inmobiliarias nunca podería escribir este libro. A vasta e peculiar erudición do señor Sydney-Turner libroume, espero, de cometer algúns erros lamentables. Tirei proveito –só eu podoo apreciar canto– dos coñecementos de chinés do señor Arthur Waley. *Madame* Lopokova (señora de J. M. Keynes) botoume unha man corrixindo o meu ruso. Á piedade e imaxinación sen par do señor Roger Fry débolle todo o entendemento das artes pictóricas que poida posuír. Noutro ámbito saquei proveito, espero, da particularmente perspicaz, aínda que severa, capacidade crítica de meu sobriño, o señor Julian Bell. As incansables pesquisas da señorita M. K. Snowdon nos arquivos de Harrogate e Cheltenham non foron menos arduas por resultaren vas. Outros ami-

## Virginia Woolf

gos axudáronme de maneiras diversas de máis para especificalas. Teño que conformarme con nomear ao señor Angus Davidson; á señora Cartwright; á señorita Janet Case; a lord Berners (cuxos coñecementos sobre a música isabelina resultaron impagables); ao señor Francis Birrell; a meu irmán, o doutor Adrian Stephen; ao señor F. L. Lucas; ao señor Desmond Maccarthy e señora; ao máis animoso dos críticos, meu cuñado, o señor Clive Bell; ao señor G. H. Rylands; a lady Colefax; á señorita Nellie Boxall; ao señor J. M. Keynes; ao señor Hugh Walpole; á señorita Violet Dickinson; ao honorable Edward Sackville-West: ao señor St. John Hutchinson e señora; ao señor Duncan Grant; ao señor Stephen Tomlin e señora; a lady Ottoline Morrell e esposo; a miña sogra, a señora de Sydney Woolf; ao señor Osbert Sitwell; a *madame* de Jacques Raverat; ao coronel Cory Bell; á señorita Valerie Taylor; ao señor J. T. Sheppard; ao señor T. S. Eliot e señora; á señorita Ethel Sands; á señorita Nan Hudson; ao meu sobriño, o señor Quentin Bell (vello e apreciado colaborador nas miñas obras de ficción); ao señor Raymond Mortimer; a lady Gerald Wellesley; ao señor Lytton Strachey; á vizcondesa de Cecil; á señorita Hope Mirrlees; ao señor E. M. Forster; ao honorable Harold Nicolson; e a miña irmá, Vanessa Bell... pero a lista ameaza con alongarse demasiado e xa é distinguida de máis. Pois aínda que esperta en min recordos do máis agradable, inevitablemente espertará no lector expectativas que o libro, en si mesmo, non pode senón defraudar. Así pois, concluirei dándolle as grazas aos funcionarios do Museo e Rexistro Británico pola súa acostumada cortesía; a miña sobriña, a señorita Angelica Bell, por un servizo que só ela me podía prestar; e ao meu marido, pola paciencia coa que invariablemente contribuíu ás miñas pesquisas e polos profundos coñecementos históricos aos que estas páxinas deben calquera grao de precisión que poidan alcanzar. Finalmente, daríalle as grazas, de non ter perdido o seu nome e enderezo, a un cabaleiro de América que, xenerosa e gra-



## *Orlando*

tuitamente, corrigiu a puntuación, a botánica, a entomoloxía, a xeografía e a cronoloxía de obras anteriores e que, espero, non deixará de me prestar os seus servizos na presente ocasión.



## CAPÍTULO I

O mozo –pois non cabía dúbida do seu sexo, aínda que a moda da época facía por disimulalo– batía na cabeza dun mouro que colgaba das vigas. Era da cor dunha pelota de fútbol vella e tiña máis ou menos a mesma forma, salvo polas meixelas afundidas e unha guedella ou dúas de cabelo áspero e seco como o pelo dun coco. O pai de Orlando, ou talvez o avó, rebandáraa dos ombros dun enorme pagán que xurdira baixo a lúa nos bárbaros campos de África, e agora abaneaba suave e eternamente coa brisa que nunca deixaba de soprar nas dependencias do faiado da xigantesca casa do cabaleiro que o matara.

Os devanceiros de Orlando cabalgaran por campos de abrótegas, e campos pedregosos, e campos regados por ríos estraños, e arrincaran moitas cabezas de moitas cores de moitos ombros, e trouxéranas para a casa para colgalas das vigas. Así faría tamén Orlando, prometeu. Pero como só tiña dezaseis anos e era novo de máis para cabalgar con eles por África ou Francia, escapaba de súa nai e dos pavos reais do xardín e viña a este seu cuarto do faiado, e alí arremetía e cravaba e rebandaba o aire coa súa espada. Por veces cortaba a corda, de maneira que a caveira caía ao chan e tiña que colgala de novo, prendéndoa con afouteza case

fóra do seu alcance, de xeito que o seu inimigo lle sorría, triunfante, por entre os negros beizos mirrados. O cranio abaneaba dun lado para outro, pois a casa en cuxo cumio vivía era tan vasta que parecía atrapada no propio vento, que sopraba de aquí para alá verán e inverno. O tapiz de Arrás verde cos cazadores movíase perpetuamente. Os seus devanceiros foran nobres desde que comezaran a ser. Saíran das brétemas do norte lucindo coroas na cabeza. Acaso non eran as columnas de escuridade do cuarto e as pozas amarelas que cuadriculaban o chan creadas polo sol que caía sobre a vidreira que representaba un vasto escudo de armas? Orlando estaba agora no medio do corpo amarelo dun leopardo heráldico. Cando puxo a man no peitoril para abrir a fiestra, tinxiúselles inmediatamente de vermello, azul e amarelo, coma a á dunha bolboreta. Así, quen guste dos símbolos e teña un aquel para descifralos, poderá observar que, aínda que as ben torneadas pernas, o garrido corpo e os ombreiros ben formados estaban todos decorados con diversos tons de luz heráldica, o rostro de Orlando, ao abrir a fiestra, quedou iluminado unicamente polo sol. Sería imposible atopar unha cara máis franca e taciturna. Feliz a nai que trae ao mundo, e máis feliz o biógrafo que dá conta da vida de semellante individuo! Nunca terá ela que azorarse, nin el que pedirlle axuda ao novelista nin ao poeta. De feito en feito, de gloria en gloria, de cargo en cargo haberá de ir, co seu escriba a seguilo, até alcanzaren ambos o lugar onde se asente o cumio do seu desexo. A primeira vista, Orlando estaba feito precisamente para tal carreira. O vermello das súas meixelas estaba cuberto dunha peluxe de pexego; a peluxe do labio superior só era un pouquiño máis espesa ca a das meixelas. Os labios propiamente ditos eran breves e repregábanse levemente sobre uns dentes de exquisita brancura amendoada. Nada estorbaba o breve e tenso voo do nariz saxitario; o cabelo era escuro, as orellas pequenas e ben pegadas á cabeza. Pero, aí, malpocado de min!, que este catálogo de beleza xuvenil non poida rematar

## Orlando

sen mencionar a fronte e os ollos. Malpocado de min!, que a xente raras veces naza desprovista de todos tres, pois en canto vemos a Orlando de pé onda a fiestra, debemos recoñecer que tiña os ollos coma violetas enchoupadas, tan grandes que parecía que a auga sobordara deles e os agrandara, e unha fronte coma a protuberancia dunha cúpula de mármore apertada entre os dous medallóns lisos que eran as súas tempas. En canto vemos os ollos e a fronte, poetizamos. Nada máis ver os ollos e a fronte, temos que recoñecer un milleiro de cousas desagradables que todo bo biógrafo aspira a ignorar. Había visións que o perturbaban, como a de súa nai, unha fermosísima dama de verde que saía a darlle de comer aos pavos reais seguida por Twitchett, a súa doncela; visións que o exaltaban: os paxaros e as árbores; e que o facían namorarse da morte: o ceo do serán, as grallas volvendo ao niño; e así, subindo pola escaleira de caracol até o seu cerebro –que era espazoso–, todas estas visións, e tamén os sons do xardín –o martelo a bater, o fender da leña– iniciaban ese balbordo e confusión das paixóns e as emocións que todo bo biógrafo detesta. Mais prosigamos: Orlando meteu lentamente a cabeza, sentou á mesa e, co aire semiconsciente de quen está a facer o que fai cada día da súa vida a esa mesma hora, sacou un caderno intitulado *Adalberto: traxedia en cinco actos*, e mergullou unha vella e manchada pluma de ganso na tinta.

Pronto levaba cubertas dez e máis páxinas de poesía. Sen dúbida era elocuente, mais abstracto. O Vicio, o Crime e a Miseria eran os personaxes do seu drama; había reis e raíñas de territorios imposibles; confundíanos horrendas conspiracións; embargábanos nobres sentimentos; nunca había unha palabra dita como el a diría, senón que todo se transformaba cunha elocuencia e unha dozura que, tendo en conta a súa idade –aínda non fixera dezasete anos– e que ao século dezaseis aínda lle quedaban uns anos para esgotar o seu curso, eran bastante notables. Ao cabo, no entanto, detívose. Estaba describindo, como todos os xoves poetas

## Virginia Woolf

describen eternamente, a natureza, e para poder acadar o ton de verde preciso, mirou (e nisto demostrou máis audacia do que a maioría) a cousa en si, que resultaba ser un loureiro que medraba debaixo da fiestra. Despois diso, por suposto, non puido escribir máis. O verde na natureza é unha cousa, o verde na literatura, outra. A natureza e as letras parecen terse mutua antipatía: se un as xunta, esnaquízanse unha á outra. O ton de verde que agora vía Orlando estragou a súa rima e crebou o seu verso. Ademais, a natureza ten mañas propias. En canto un contempla desde a fiestra as abellas entre as flores, un can bocexante, o solpor, pensa: «cantos soles máis verei poñerse?», etc., etc. (a idea é coñecida de máis para que pague a pena escribila), e un deixa caer a pluma, colle a capa, sae do cuarto e engancha co pé nunha arca pintada ao saír. E é que Orlando era un chisco zoupón.

Procurou evitar atoparse con alguén. Alí viña Stubbs, o xardineiro, polo camiño arriba. Agochoouse detrás dunha árbore até que pasou. Saíu por unha canceliña do valado do xardín. Bordeou todas as cortes, os canís, as cervexarías, os obradoiros dos carpinteiros, os lavadoiros, os lugares onde se fan velas de sebo, se matan bois, se fan ferraduras para os cabalos, se cosen xibóns —pois a casa era unha vila enteira onde ecoaban os homes que traballaban nos seus variados labores— e chegou sen ser visto ao fentoso carreiro que sube polo parque arriba.

Hai quizais un certo parentesco entre as calidades: unha leva consigo a outra, e o biógrafo debe aquí chamar a atención sobre o feito de que esta torpeza a miúdo casa cun amor pola soidade. Como tropezara cunha arca, Orlando amaba naturalmente os lugares solitarios, as vistas amplas e sentirse só por sempre xamais.

Así, tras un longo silencio:

—Estou só —suspiro por fin, abrindo os beizos por vez primeira neste relato. Subira o outeiro moi apurado, por entre

## *Orlando*

fentos e espiños, asustando a cervos e paxaros silvestres, até un lugar coroado por un único carballo. Era moi alto, tan alto, de feito, que podían verse dezanove condados ingleses alá embaixo, e nos días claros, trinta ou talvez corenta, se o tempo era ben bo. Ás veces podíase ver o Canal da Mancha, onda tras onda. Podíanse ver ríos e barcos de recreo deslizándose por eles; e galeóns saíndo ao mar; e armadas con nubes de fume das que chegaba o xordo son dos canóns; e fortes na costa; e castelos entre os prados; e aquí unha torre vixía; e alí unha fortaleza; e de novo unha vasta mansión coma a do pai de Orlando, apiñocada coma unha vila no val, rodeada de muros. Ao leste estaban os pináculos de Londres e o fume da cidade; e quizais, xusto no horizonte, cando ventaba do lado axeitado, o crebado cume e os dentados bordos da mesma Snowdon asomaban, montañosos, entre as nubes. Orlando ficou un momento contando, esculcando, recoñecendo. Aquela era a casa de seu pai; aquela a de seu tío. Súa tía era a dona daquelas tres torretas grandes que se vían alá entre as árbores. O mato era deles, e o bosque; o faisán e o cervo, o raposo, o teixugo e a bolboreta.

Deu un profundo suspiro e guindouse –había unha paixón nos seus movementos que merece o termo– no chan ao pé do carballo. Agradáballe, baixo toda aquela transitoriedade estival, sentir o espiñazo da terra debaixo del, pois iso lle parecía que era a dura raíz do carballo, ou, pois unha imaxe seguía á outra, era o lombo dun gran cabalo que montaba, ou a cuberta dun barco tremelicante; era calquera cousa en realidade, sempre e cando fose dura, pois sentía a necesidade de algo ao que poder amarrar o seu corazón voador; o corazón que lle tiraba do costado; o corazón que parecía cheo de fragrantés e sensuais tormentas cada serán, a aquela hora, cando saía. Amarrouno ao carballo e, alí deitado, sentiu a axitación do seu interior e do seu arredor acalmarse gradualmente; as folliñas colgaban, os cervos detíñanse; as pálidas nubes de verán permanecían quedas; os seus membros

## Virginia Woolf

volvíanse pesados sobre o chan; e el ficaba tan quedo que, pouco a pouco, os cervos íanse achegando máis e as grallas xiraban ao seu redor e as anduriñas baixaban en círculos e os cabalos do demo voaban velozmente ao seu carón, como se toda a fertilidade e a apaixonada actividade dun serán estival se entrecesese arredor do seu corpo coma unha tea de araña.

Logo dunha hora ou así –o sol afundíase rapidamente, as nubes brancas tornáranse vermellas, os outeiros eran violetas, os bosques púrpura, os vales negros– soou unha trompeta. Orlando ergueuse dun salto. O estridente son viña do val. Viña dun punto escuro alá abaixo; un punto compacto e cartografado; un labirinto; unha vila, mais cinguida por muros; viña do corazón da súa casona do val que, antes escura, mentres el miraba aínda e a trompeta solitaria se duplicaba e replicaba a si mesma con outros sons máis estridentes, perdeu a súa escuridade e apareceu toda furada de luces. Algunhas eran luces pequenas e apuradas, como se os criados corresen polos corredores para responder a algunha chamada; outras eran luces altas e refulxentes, como se arderan en salóns baleiros, listas para recibir convidados aínda por chegar; e outras caían e ondeaban, afundíanse e elevábanse, como suxeitas polas mans dun exército de serventes que facían reverencias, se axeonllaban, se erguían, recibían, gardaban e escoltaban con toda dignidade a unha gran princesa que descendía da súa carruaxe. Os coches entraban e viraban no patio. Os cabalos sacudían os seus penachos. Chegara a Raíña.

Orlando deixou de mirar. Botou a correr polo outeiro abaixo. Entrou por unha portela. Subiu a todo correr pola sinuosa escaleira. Chegou ao seu cuarto. Arrebolou as medias nun curruncha do cuarto, o xibón no outro. Mollou a cabeza. Fregou as mans. Cortou as unllas. Sen máis axuda que seis polgadas de espello e un par de velas vellas, puxo uns calzóns carmesí, colo de encaixe, chaleco de tafetá e zapatos cunhas escarapelas grandes coma dalias dobres, en menos de dez minutos polo reloxo da



## *Orlando*

corte. Estaba listo. Estaba colorado. Estaba nervioso. Pero estaba terriblemente retrasado.

Por atallos que el coñecía, abríase agora camiño pola vasta diversidade de cuartos e escaleiras que conducían ao gran salón, que se atopaba a cinco acres, na outra punta da casa. Pero na metade do camiño, nos cuartos traseiros onde vivían os criados, detívose. A porta da saliña da señora Stewkley estaba aberta. Sen dúbida, marchara con todas as súas chaves atender á señora. Pero alí, sentado á mesa da criada, cun pichel a carón e un papel diante, había un home bastante gordo, algo desleixado, coa gola un bocado suxa e as roupas de basta la castaña. Tiña unha pluma na man, pero non escribía. Parecía estar a darlle voltas a algún pensamento na cabeza, de diante a atrás, dun lado para o outro, até que collera a forma ou o impulso que lle agradase. Mantiña os ollos, arredondados e nubrados coma unha pedra verde de curiosa textura, fixos. Non viu a Orlando. E aínda con toda a présa que levaba, Orlando parou en seco. Era aquel home un poeta? Estaba a escribir poesía? «Cónteme», quixo dicir, «todas as cousas do mundo» –pois tiña as máis aloucadas, absurdas e extravagantes ideas sobre os poetas e a poesía–, pero como falarlle a un home que non o ve a un? Que, en troques, ve ogros, sátiros, as profundidades do mar, quizais? De maneira que Orlando quedou mirando mentres o home lle daba voltas á pluma entre os dedos, para este lado e para o outro; e miraba e cavilaba; e logo, moi rápido, escribiu media ducia de liñas e levantou os ollos. Ante o cal, Orlando, invadido pola timidez, marchou a todo correr e chegou ao gran salón xusto a tempo para axeonllarse e, abaixando a cabeza, confundido, ofrecerlle unha cunca de auga de rosas á mesmísima Raíña.

Tal era a súa timidez que non viu dela máis que a man enxoia da dentro da auga; pero con iso abondou. Era unha man memorable: unha man fina, cuns dedos longos sempre arqueados como arredor dun orbe ou cetro; unha man nerviosa, tortuosa,

## Virginia Woolf

enfermiza; unha man imponente, tamén; unha man que só tiña que erguerse para que caesen cabezas; unha man, supuxo, unida a un corpo vello que cheiraba como un armario onde se gardan peles en alcanfor; un corpo aínda enfeitado con toda clase de brocados e pedras preciosas; que se mantiña ben ergueito aínda que quizais estivese doente de ciática; que nunca tremía, aínda que o atenazasen mil medos; e os ollos da Raíña eran de cor amarelo claro. Todo isto sentiu mentres os grandes aneis escintilaban na auga e algo lle oprimía o cabelo, cousa que talvez explique que non vise nada que puidese ser de máis proveito para un historiador. A verdade é que a súa mente era tal sarillo de opostos –a noite e as candeas ardentes; o poeta desleixado e a gran Raíña; os campos silenciosos e o barullo dos serventes– que non puido ver nada; ou só unha man.

Do mesmo xeito, a Raíña só puido ver unha cabeza. Pero se é posible a partir dunha man deducir un corpo, con todos os atributos dunha gran Raíña, a súa complexidade, coraxe, fragilidade e terror, sen dúbida unha cabeza pode ser igual de fértil, contemplada desde un sitial por unha dama cuxos ollos estaban sempre, se damos creto ás efixies de cera da Abadía, ben abertos. O cabelo longo, crecho, a escura cabeza inclinada tan reverente, tan inocentemente diante dela, insinuaban un par das mellores pernas que xamais sostiveran a un mozo nobre; e ollos violetas; e un corazón de ouro; e lealdade e un viril encanto... calidades todas que a vella dama adoraba tanto máis conforme a ían abandonando. Pois estíbese avenllentando e encrequenando antes do seu tempo. O son dos canóns resoaba decote nos seus oídos. Decote vía a relucente pinga de veneno e o longo estilete. Sentada á mesa, escoitaba; oía os fusís no Canal; arrepiábase: era aquilo unha maldición, un murmuro? A inocencia, a simplicidade, éranlle tanto máis queridas por causa do fondo escuro ao que as superpoñía. E foi aquela mesma noite, segundo di a tradición, mentres Orlando durmía profundamente, cando lle regalou de

## Orlando

maneira oficial, poñendo por fin a súa sinatura e selo no pergamíño, a grande casa monástica, que fora do arcebispo primeiro e do Rei despois, ao pai de Orlando.

Orlando durmiu toda a noite na ignorancia. Fora bicado por unha raíña sen sabelo. E talvez, pois os corazóns das mulleres son intrincados, foi a súa ignorancia e o seu sobresalto cando os seus beizos o tocaron, o que mantivo o recordo do seu xove primo (pois compartían sangue) fresco na memoria da Raíña. Sexa como for, aínda ben non pasaran dous anos desta tranquila vida campestre, e Orlando non escribira quizais máis de vinte traxedias, unha ducia de contos e unha chea de sonetos, cando lle chegou recado de que debía acudir a Whitehall para ver á Raíña.

—Aquí —dixo ela ao velo avanzar pola longa galería cara a ela—, vén o meu inocente! —Había nel sempre unha serenidade que aparentaba inocencia aínda cando, tecnicamente, a palabra xa non era axeitada—.Ven! —dixo.

Estaba sentada ben tesa a carón do lume. Mantívoo a un paso dela e mirouno de pés a cabeza. Estaba a comparar as súas especulacións da outra noite coa verdade agora visible? Atopaba as súas suposicións xustificadas? Ollos, boca, nariz, peito, cadeiras, mans, repasounos todos; os seus beizos crispáronse visiblemente mentres o miraba; pero cando lle viu as pernas soltou unha gargallada. Era a viva imaxe dun cabaleiro nobre. Pero, e por dentro? Cravou nel os seus ollos amarelos de falcón como se quixese atravesarlle a alma. O mozo soportou a mirada ruborizándose só unha rosa damascena, como lle era acaído. Forza, elegancia, romanticismo, loucura, poesía, xuventude... lérao como a un libro aberto. Ao instante, arrincouse un anel do dedo (a xuntura estaba un pouco inchada) e, poñéndoo no del, nomeouno Tesoureiro e Mordomo; a seguir, púxolle o colar propio do seu cargo e, mandándolle dobrar o xeonllo, atoulle arredor del, pola parte máis delgada, a enfeitada orde da Xarreteira. Despois diso nada

## Virginia Woolf

lle foi negado. Cando ela viaxaba, el cabalgaba onda a porta da súa carruaxe. Mandouno a Escocia nunha triste embaixada a ver á Raíña infeliz. Estaba a punto de partir ás guerras polacas cando o reclamou. Pois como podía ela soportar a idea daquela tenra carne esgazada e aquela cabeleira crecha cuberta de po? Mantívoo consigo. No cumio do seu triunfo, cando os canóns tro-naban na Torre e no aire había tanta espesura de pólvora que o facía a un esbirrar, e os hurras da xente resoaban baixo as fiestras, deitouno nos coxíns onde a acomodaran as súas doncelas (tan vella e gasta estaba) e fíxolle enterrar a cara naquela abraiante ar-mazón –había un mes que non mudara de vestido– que cheiraba exactamente igual, pensou Orlando, lembrando o seu recordo da mocidade, que o vello roupeiro da casa onde súa nai gardaba as peles. Ergueuse, medio abafado pola aperta.

—Esta —suspirou ela— é a miña vitoria! —mentres un fo-guete ruxía no alto e tinxía as súas meixelas de escarlata.

E é que a anciá amábao. E a Raíña, que coñecía un home cando o vía, aínda que non, segundo se di, no sentido bíblico, planeaba para el unha espléndida e ambiciosa carreira. Fóronlle dadas terras, asignadas casas. Había de ser o fillo da súa vellez; o báculo da súa enfermidade; o carballo en que apoiaría a súa degradación. Grallou estas promesas e estrañas tenruras autori-tarias (agora estaban en Richmond) sentada ben ergueita entre os seus ríxidos brocados a carón do lume, que, por alto que o fixeran, nunca a mantiña quente.

Mentres tanto, os longos meses de inverno avanzaban lenta-mente. Todas as árbores do parque estaban cubertas de xeadas. O río corría vagaroso. Un día, cando había neve no chan e as escu-ras habitacións paneladas estaban cheas de sombras e os veados bruaban no parque, viu no espello que sempre mantiña ao seu carón por medo aos espías, a través da porta, que sempre manti-ña aberta por medo aos asasinios, un mozo –era posible que fose

## *Orlando*

Orlando?— bicando a unha moza —quen demo era aquela lercha desvergonzada?—. Agarrou a súa espada de empuñadura de ouro e bateu violentamente no espello. O cristal escachou; chegou xente a correr; levantárona e volveron acomodala na cadeira; pero despois daquilo quedou afixida e a miúdo rosmaba, conforme os seus días chegaban á súa fin, sobre a perfidia dos homes.

Talvez fose culpa de Orlando; mais, podemos, despois de todo, culpar a Orlando? Era a época isabelina; a súa moral non era a nosa; nin os seus poetas; nin o seu clima; nin as súas verduras sequera. Todo era diferente. O propio tempo, a calor e o frío do verán e do inverno eran, podemos crelo, dun temperamento completamente distinto. O claro e amoroso día estaba tan nitidamente separado da noite coma a terra da auga. Os solpores eran máis vermellos e máis intensos; os mences máis brancos e máis aurorais. Das nosas medias luces crepusculares e vagarosos luscofuscus nada sabían. A súa chuvia caía con vehemencia ou non caía en absoluto. O sol cegaba ou estaban ás escuras. Traducindo isto ás rexións espirituais como lles é costume, os poetas cantaban con fermosura sobre como murchan as rosas e caen as follas. O momento é breve, cantaban; o momento pasou; e despois todos durmiremos unha longa noite. O uso dos artificios do invernadoiro ou o xardín de inverno para prolongar ou preservar estas rosas e caraveis frescos non lles era propio. As decadentes complexidades e ambigüidades da nosa máis gradual e dubitativa época éranlles descoñecidas. A violencia érao todo. A flor agromaba e murchaba. O sol saía e poñíase. O amante amaba e marchaba. E o que os poetas dicían en verso, os mozos traducían á práctica. As mozas eran rosas, e as súas estacións eran curtas como as das flores. Había que apañalas antes de que caese a noite, pois o día era breve, e o día érao todo. Así, dificilmente podemos culpar a Orlando por guiarse polo clima, os poetas, a propia era, e apañar a súa flor no parladoiro coa neve aínda no chan e a Raíña a vixiar no corredor. Era novo; era inmaduro;

## Virginia Woolf

non fixo máis que o que a natureza lle pedía. En canto á rapaza, non sabemos mellor o seu nome do que a propia raíña Isabel o soubo. Talvez fose Doris, Chloris, Delia ou Diana, pois a todas elas lles dedicou versos unha tras outra; igualmente, podía ser unha dama da corte ou unha doncela de cámara. Pois os gustos de Orlando eran variados; non gostaba unicamente das flores de xardín: as silvestres e mais as herbas sempre o fascinaran tamén.

Aquí, de feito, revelamos cruamente, como pode o biógrafo, un curioso trazo seu, quizais explicable polo feito de que certa avoa súa vestira mandil e carrexara baldes de leite. Uns poucos grans das terras de Kentish ou Sussex mesturáranse co raro e fino líquido que lle viña de Normandía. El sostíña que esa mistura de terra parda e sangue azul era boa. O certo é que sempre lle agradara a compañía de xentes baixas, especialmente a de xentes letradas cuxo enxeño a miúdo os mantén abaixo, como se houbese entre eles unha certa simpatía de sangue. Nesta época da súa vida en que a cabeza lle sobordaba de versos e nunca se deitaba sen compor algunha enxeñosa peza, o descaro da filla dun pousadeiro parecíalle máis fresco e o enxeño da sobriña do couteiro parecíalle máis rápido que os das damas da Corte. Así, comezou a visitar con frecuencia as escaleiras vellas de Wapping e as cervexarías ao aire libre polas noites, envolto nunha capa gris para ocultar a estrela que levaba ao pescozo e a xarreteira do xeonllo. Alí, cunha xerra diante, entre as congostras cubertas de area, os campos de birlo e a sinxela arquitectura de tales lugares, escoitaba os contos dos mariñeiros sobre as penurias, horrores e crueldade do mar Caribe; de como algúns perderan as dedas, outros o nariz, pois os contos falados nunca eran tan pulidos nin tan finamente pintados coma os escritos. Gustáballe especialmente oílos cantar as súas cantigas das Azores, mentres os periquitos que trouxeran daqueles lugares lles peteiraban os brincos das orellas, repenicaban cos duros e ávidos peteiros nos rubís dos dedos e pronunciaban xuramentos tan ruíns coma os dos seus

## *Orlando*

amos. As mulleres pouco menos atrevidas eran no seu discurso e libres nas súas maneiras que os paxaros. Empoleirábanselle no xeonllo, botábanlle os brazos arredor do pescozo e, supoñendo que algo fóra do común se escondía debaixo da súa capa de la, mostrábanse tan ansiosas por chegar ao fondo da cuestión coma o propio Orlando.

Tampouco faltaba ocasión. O río estaba atafegado de cedo a tarde con barcazas, chalanas e embarcacións de toda clase. Cada día saía algún bo barco rumbo ás Indias; de cando en vez outro, denegrido e esfarrapado, ancoraba dolorosamente, cheo de homes descoñecidos e desguedellados. Ninguén botaba en falta a ningún mozo ou moza se se demoraba un pouco no río despois do solpor; nin se escandalizaba se a rexouba os atopaba profundamente durmidos entre as sacas cheas de tesouros, acubillados o un nos brazos do outro. Tal, de feito, foi a aventura que viviron Orlando, Sukey e o conde de Cumberland. Aquel día facía calor; os seus amores foran activos; adormeceran entre os rubís. Aquela noite, tarde xa, o conde, cuxa fortuna estaba comprometida nas empresas españolas, veu el só inspeccionar o botín cunha lanterna. Proxectou a luz sobre un barril. Recuou dun chimpocun xuramento. Entrelazados por volta do barril durmían dous espíritos. Supersticioso por natureza, e con ben de crimes sobre a conciencia, o conde tomou a parella –que estaba tapada cunha capa vermella, e o peito de Sukey era case tan branco coma as neves eternas da poesía de Orlando– por un fantasma xurdido das tumbas de mariñeiros afogados para reprendelo. Persignouse. Fixo acto de contrición. A ringleira de asilos que aínda sobreviven en Sheen Road é o froito visible daquel momento de pánico. Hoxe, doce pobres vellas da parroquia beben té e bendín esta noite a Súa Señoría polo teito que teñen sobre as súas cabezas; de maneira que aquel amor ilícito nun barco cargado de tesouros... mais omitamos a lección de moral.

Pronto, no entanto, Orlando cansou, non só das incomodidades deste estilo de vida, e das retortas rúas da veciñanza, senón tamén das maneiras primitivas do pobo. Pois ha de lembrarse que o crime e a pobreza non tiñan para os isabelinos o atractivo que teñen para nós. Non tiñan eles a nosa moderna vergoña pola aprendizaxe a través dos libros; nin a nosa crenza de que nacer fillo dun carnicero é unha bendición e non saber ler unha virtude; nin a pretensión de que o que chamamos «vida» e «realidade» está dalgún xeito vinculado á ignorancia e a brutalidade; nin, de feito, a ningún equivalente destes dous termos. Non foi por buscar a «vida» que Orlando andou entre eles; nin por buscar a «realidade» polo que os abandonou. Mais cando tiña oído unha ducia de veces como Jake perdera o nariz e Sukey a honra –e hai que recoñecer que relataban as historias de xeito admirable– comezou a cansar un tanto da repetición, pois un nariz só se pode cortar dunha maneira e a virxindade perderse doutra –ou iso lle parecía a el–, mentres que había nas artes e nas ciencias unha diversidade que excitaba profundamente a súa curiosidade. Así, mantendo sempre deles un feliz recordo, deixou de frecuentar as cervexarías e os campos de birlo, colgou a súa capa gris no roupeiro, deixou brillar a súa estrela no pescozo e escintilar a xarreteira no xeonllo, e presentouse de novo na Corte do rei Xacobe. Era novo, era rico, era guapo. Ninguén podía ser recibido con maior aclamación da que el recibiu.

E é ben certo que moitas damas estaban dispostas a concederlle os seus favores. O nome de cando menos tres asociouse libremente co del en matrimonio: Clorinda, Favila, Eufrosina, así as chamaba el nos seus sonetos.

Por tomalas en orde: Clorinda era unha xentil dama de suaves maneiras; de feito, Orlando estivo moi entusiasmado con ela durante seis meses e medio, pero tiña as pestanas brancas e non soportaba ver sangue. Unha lebre asada que serviron na mesa de seu pai fíxoa desmaiarse. Ademais, estaba moi influída polo



## Orlando

clero, e aforraba en roupa interior para facer doazóns aos pobres. Decidiu redimir a Orlando dos seus pecados, cousa que a el o anoxou, de maneira que recuou do matrimonio, e non o sentiu demasiado cando ela morreu de varíola pouco despois.

Favila, a seguinte, era dunha caste completamente distinta. Era a filla dun cabaleiro pobre de Somersetshire que, a base de pura insistencia e do uso dos seus ollos, lograra abrirse camiño na Corte, onde a súa destreza como amazona, a súa fina empeña e a súa elegancia no baile lle valeron a admiración de todos. Dunha volta, no entanto, tivo a desafortunada ocorrencia de mallar nun *spaniel* que lle rachara unha media de seda (e, en xustiza, debe dicirse que Favila tiña poucas medias e, delas, a meirande parte de la basta) até case matalo xusto debaixo da fiestra de Orlando. Orlando, que amaba con paixón os animais, reparou entón en que tiña os dentes tortos, e os dous de diante metidos cara dentro, cousa que, segundo dixo, é sinal seguro dun temperamento perverso e cruel nas mulleres, polo que esa mesma noite rompeu o compromiso para sempre.

A terceira, Eufrosina, foi con moito o máis serio dos seus namoros. Pertencía por nacemento aos Desmond irlandeses e tiña, por tanto, unha árbore xenealóxica tan antiga e de tan fonda raizame coma a de Orlando. Era loira, colorada e un chisco flegmática. Falaba ben italiano, tiña unha dentadura perfecta na mandíbula superior, aínda que os dentes de abaixo estaban lixeiramente descoloridos. Nunca estaba sen un *whippet* ou un *spaniel* no colo; dáballes pantrigo do seu propio prato; cantaba docemente ao son do virxinal e nunca se daba vestido antes do mediodía debido ao coidado extremo que puña na súa persoa. En resumo, sería unha esposa perfecta para un nobre coma Orlando e a cousa chegara a estar tan avanzada que os avogados de ambas partes estaban ocupados en contratos, provisiones de viuvez, acordos, facendas, alodios e todo aquilo que é necesario facer antes de que unha gran fortuna poida unirse a outra,

## Virginia Woolf

cando, coa rapidez e severidade que por entón caracterizaban o clima inglés, chegou a Grande Xeada.

A Grande Xeada foi, segundo nos din os historiadores, a máis severa que nunca visitou estas illas. Os paxaros conxelábanse en pleno voo e caían ao chan coma pedras. En Norwich, unha moza labrega comezou a atravesar o camiño coa súa robusta saúde habitual e, ao recibir a azouta do vento glacial na esquina da rúa, os presentes vírona esfarelarse e saír voando nunha poeira por riba dos tellados. A mortalidade foi enorme entre gando grosso e miúdo. Os corpos conxelábanse e non era posible arrincalos das sabas. Non era infrecuente ver todo un rabaño de porcos conxelado, inmóbil, no medio do camiño. Os campos estaban cheos de pastores, labregos, xuntas de cabalos e rapaciños espantallo\*, todos paralizados no acto: un coa man no nariz, outro coa botella nos beizos, un terceiro cunha pedra na man ergueita para lanzarlle aos corvos, que quedaran, como desecados, pousados na sebe a unha iarda del. A severidade da xeada foi tan extraordinaria que por veces se producía unha especie de petrificación, e críase polo xeral que o grande aumento de rochas nalgunhas partes de Derbyshire se debía, non a unha erupción, pois non houbera ningunha, senón á solidificación de malpocados viandantes que quedaran literalmente convertidos en pedra alá onde se atopaban. A Igrexa pouco podía axudar na cuestión, e aínda que algúns terratenentes mandaron bendicir estas reliquias, os máis deles preferiron usalas para marcar as leiras, de postes para que as ovelas rañasen o lombo ou, cando a forma da pedra o permitía, de bebedoiros para o gando, funcións que seguen a cumprir, de xeito admirable na meirande parte dos casos, até hoxe.

Mais mentres o rural padecía unha extrema necesidade, e o comercio do país estaba estancado, Londres celebraba un festival

---

\**N. de T.*: Un dos traballos tipicamente infantís que se daban nas zonas do rural británico da época era o de «espantallo», consistente en percorrer os labradíos facendo ruído cunha carraca para tornar os paxaros.

## *Orlando*

da máxima brillantez. A Corte atopábase en Greenwich, e o novo Rei aproveitou a oportunidade que a súa coroación lle ofrecía para gañar o favor dos cidadáns. Ordenou que o río, que estaba conxelado até unha profundidade de vinte pés ou máis nun tramo de seis ou sete millas en cada ribeira, fose varrido, decorado e arranxado para conferirle o aspecto dun parque ou xardín de recreo, con pérgolas, labirintos, paseos, barracas para beber, etc., por conta súa. Para si e para os cortesáns, reservou un espazo situado xusto en fronte das portas de palacio que, unicamente separado do gran público por un cordón de seda, se converteu de vez no centro da máis distinguida sociedade de Inglaterra. Grandes estadistas, coas súas barbas e golas, despachaban asuntos de Estado baixo o toldo carmesí da Pagoda Real. Os militares planificaban a conquista do mouro e a caída do turco en tendas a raías coroadas con plumas de avestruz. Os almirantes paseaban de acá para alá polos estreitos camiños, copa en man, contemplando o horizonte e contando historias do Paso do Noroeste e da Armada española. Os amantes mocebaban en diváns cubertos con peles de marta cibelina. Unha chuvia de rosas xeadas caía cada vez que a Raíña e as súas damas saían. Globos de cores flotaban inmóbiles no aire. Aquí e alí ardían vastas fogueiras de leña de cedro e carballo, xenerosamente salgada para que as lapas fosen de lume verde, laranxa e púrpura. Pero, aínda que ardían ferozmente, a calor non abundaba para derreter o xeo que, aínda que de singular transparencia, seguía a ter a dureza do aceiro. Tan claro era, de feito, que se podían ver, conxeladas a varios pés de profundidade, aquí unha toniña, alí unha solla. Cardumes de anguías ficaban inmóbiles, nun tronso, mais se o seu estado era de morte ou de mera animación suspendida que a calor había revivir, era cousa que confundía aos filósofos. Preto da Ponte de Londres, onde o río se conxelara até unha profundidade dunhas vinte brazas, podía verse con claridade unha chalana afundida que xacía no leito do río desde o outono pasado, ateigada de mazás. A vella

do bote vivandeiro, que levaba a froita ao mercado da banda de Surrey, ficara alí sentada, envolta nos seus chales de tartán e o seu verdugado, co colo cheo de mazás, talmente como se estivese a piques de atender un cliente, aínda que un certa tintura azulada nos beizos revelaba a verdade. Era unha estampa que agradaba especialmente ao rei Xacobe, que adoitaba levar consigo un par de cortesáns para vela. En resumidas contas, nada podía superar a brillantez e a ledicia da escena polo día. Pero era de noite cando o festival era máis alegre. Pois a xeadá permanecía intacta; as noites eran dunha quietude perfecta; a lúa e as estrelas relucían coa dura fixeza dos diamantes, e os cortesáns danzaban ao son da elegante música da frauta e a trompeta.

Orlando, é certo, non era dos que teñen os pés lixeiros para o coranto e a volta; era zoupón e un pouco despistado. Prefería os sinxelos bailes do seu país, que aprendera de neno, a aqueles fantásticos ritmos estranxeiros. Precisamente acababa de pousar os pés a iso das seis da tarde do sete de xaneiro, ao rematar unha *quadrille* ou un minueto, cando viu saír do pavillón da embaixada moscovita unha figura que, xa fose muller ou mozo, pois a túnica e os pantalóns frouxos á moda rusa facían por disimular o sexo, o encheu da maior curiosidade. A persoa, calquera que fose o seu nome ou sexo, era de estatura media, de porte moi esguío, e vestía enteiramente de veludo cor ostra, enfeitado cun estraño pelo verdoso. Pero estes detalles víanse escurecidos polo extraordinario atractivo que emanaba da persoa toda. Imaxes, metáforas do máis extremo e extravagante entretecíanse e retorcíanse na súa mente. Chamouna melón, piña, oliveira, esmeralda e raposa na neve, todo no espazo de tres segundos; non sabía se a oíra, a saboreara, a vira ou as tres cousas a un tempo. (Pois aínda que non debemos deternos nin un momento na narración, podemos observar aquí apresuradamente que todas estas imaxes do momento eran simples de máis para expresar as súas sensacións e estaban na súa maioría tomadas de cousas cuxo sabor lle

## *Orlando*

agradara de neno. Mais se as súas sensacións eran simples, eran, ao mesmo tempo, extremadamente fortes. É pois impensable pararse a buscarlle razóns ás cousas.) ... Un melón, unha esmeralda, unha raposa na neve... así deliraba, así a fitaba. Cando o mozo, pois, ai!, tiña que ser un mozo –ningunha muller podía patinar con tal velocidade e vigor–, pasou case na punta dos pés a carón del, Orlando estaba xa disposto a arrincarse o pelo coa carraxe de que a persoa fose do seu mesmo sexo e que, por tanto, fose impensable toda aberta. Pero o patinador achegouse máis. Pernas, mans, porte eran propios dun mozo, pero ningún mozo podía ter unha boca coma aquela; ningún mozo tiña aqueles peitos; ningún mozo tiña ollos que parecían sacados do fondo do mar. Por fin, deténdose e ofrecéndolle unha elegantísima reverencia ao Rei, que pasaba por alí do brazo dalgún nobre de cámara, o patinador descoñecido detívose por completo. Estaba a menos dunha cuarta del. Era unha muller. Orlando fitouna; tremeu; entroulle a calor; entroulle o frío; devecíala por lanzarse ao aire do verán; esmagar landras cos pés; erguer os brazos canda as faias e os carballos. Finalmente, porén, repregou os beizos sobre os seus dentiños brancos; abriunos talvez media polgada, como para morder; pechounos como se mordera. Lady Eufrosina ía do seu brazo.

O nome da forasteira, descubriu, era Princesa Marousha Stanilovska Dagmar Natasha Iliana Romanovitch, e viñera no séquito do embaixador moscovita, que era quizais seu tío, ou talvez seu pai, para asistir á coroación. Sabíase moi pouco dos moscovitas. Sentaban case en silencio coas súas grandes barbas e os seus sombreiros peludos, bebendo un líquido negro que de cando en vez cuspián no xeo. Ningún falaba inglés, e o francés, co que algúns estaban cando menos familiarizados, falábase por entón moi pouco na Corte inglesa.

Foi grazas a esta circunstancia que Orlando e a princesa se coñeceron. Estaban sentados un fronte ao outro na gran mesa

posta baixo un enorme toldo para divertimento dos notables. A princesa estaba situada entre dous xoves fidalgos, un era lord Francis Vere e o outro o xove conde de Moray. Era risible o apuro en que pronto os puxo, pois aínda que ambos eran mozos garridos á súa maneira, até un meniño por nacer tiña tanto coñecemento da lingua francesa coma eles. Cando ao inicio da cea a princesa se dirixiu ao conde e lle dixo, cunha elegancia que lle arrebatou o corazón: «*Je crois avoir fait la connaissance d'un gentilhomme qui vous était apparenté en Pologne l'été dernier*», ou «*La beauté des dames de la cour d'Angleterre me met dans le ravissement. On ne peut voir une dame plus gracieuse que votre reine, ni une coiffure plus belle que la sienne*», tanto lord Francis como o conde se mostraron profundamente avergonzados. Un serviulle abondosamente salsa de ravo, o outro asubiouille ao can e fíxoo pedirlle un óso. Ao velo, a princesa non puido conter a risa por máis tempo e Orlando, atopándose cos seus ollos por riba das cabezas de xabarín e os pavos recheos, riu tamén. Riu, pero o riso conxelóuselle marabillado nos beizos. A quen amara, que amara, preguntouse nun tumulto de emoción, ata entón? A unha vella, respondeuse, toda pel e ósos. A demasiadas pendangas de fazulas encarnadas como para contalas. A unha monxa mexeriqueira. A unha curtida aventureira de boca cruel. Unha masa adurmiñada de encaixe e cerimonia. O amor non fora para el máis que serraduras e cinza. O gozo que del tivera sabíalle agora extremadamente insípido. Abraiouse de telo soportado sen bocexar. Pois mentres a miraba derretíase a espesura do sangue; o xeo volvíase viño nas veas; oía fluír as augas e cantar os paxaros; a primavera asolagaba a dura paisaxe invernal; a súa virilidade espertaba; collía unha espada na man; enfrontábase a un inimigo máis audaz que o polaco ou o mouro; mergullábase en augas profundas; vía a flor do perigo agromar nunha fenda; estirou a man... improvisaba un dos seus máis apaixonados sonetos cando a princesa lle dixo:

## Orlando

—Sería tan amable de pasarme o sal?

Ruborizouse terriblemente.

—Con todo o gusto do mundo, *madame* —respondeu, falando francés cun acento perfecto. Pois, louvado sexa o Ceo, falaba tal lingua como se fose a súa; aprendérala a doncela de súa nai. Mais talvez lle fora mellor non aprendela nunca; non responder a aquela voz; non seguir nunca a luz daqueles ollos...

A princesa continuou. Quen eran aqueles túzaros, preguntoulle, que sentaban ao seu carón, con maneiras de porqueiros? Que era aquela mestura noxenta que lle botaran no prato? Comían os cans na mesma mesa que as persoas en Inglaterra? De verdade era aquel ser ridículo do cabo da mesa, co cabelo todo espeluxado coma un maio (*comme une grande perche mal fagotée*) a Raíña? E babexaba sempre así o Rei? E cal daqueles papagaios era George Villiers? Aínda que estas preguntas incomodaron bastante a Orlando ao primeiro, estaban feitas con tal picardía e graza que non puido evitar rir; e vendo, polos rostros inexpressivos da compañía, que ninguén entendía unha palabra, respondeunas tan libremente como ela preguntara, falando, coma ela, un perfecto francés.

Así se iniciou entre eles unha intimidade que pronto se había converter no escándalo da Corte.